

*O galego na Universidade da Coruña*¹

ANTÓN ÁLVAREZ SOUSA

No inicio da investigación que realizamos sobre a situación da lingua galega na Universidade da Coruña partimos dunha serie de postulados teóricos que están relacionados co coñecemento-aprendizaxe, co uso –funcións– e coas actitudes da poboación de Galicia en xeral ante a lingua galega e que, á súa vez, se reflicten nos membros da Universidade da Coruña.

Tomamos como base tamén o feito de que tanto o coñecemento-aprendizaxe como o uso están a experimentar un gran cambio nos últimos anos, un cambio que está relacionado coa emigración da poboación do campo á cidade. Pero ademais cambiou a postura dos habitantes das nosas cidades con respecto ao galego, e isto débese aos novos valores da poboación en xeral, mais en gran parte ao proceso de autonomía e ás accións de normalización lingüística que se levaron a cabo mediante o sistema de ensino e os medios de comunicación de masas (fundamentalmente a televisión e a radio galegas).

Estes cambios de coñecemento-aprendizaxe, do uso e das actitudes ante o galego hai que observalos en combinación coas distintas funcións da lingua. Os cambios non soamente están en relación co feito de saber falar máis ou menos en galego, senón que tamén afectan o proceso de aprendizaxe e a composición da propia estrutura de subsistemas dentro da lingua galega, de tal forma que se pode estar pasando dunha lingua que era fundamentalmente falada a unha lingua que xa se sabe ler e escribir en maior medida que falar. Se iso vale para sabela, vale máis para empregala: contamos cun importante colectivo de persoas que non a falan mais que a empregan na escrita, por exemplo cando se relacionan coa administración.

¹ Este texto sintetiza as conclusións do traballo *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña* que realizamos para a Universidade da Coruña, onde poden verse as características detalladas (de procedemento, metodolóxicas e de mostraxe) desta investigación.

Isto está relacionado co tema da diglosia, e pode responder á pregunta de se se está a dar unha clara situación de diglosia na Universidade da Coruña, motivada por decisións internas e externas a esta institución.

Partimos igualmente de que as condicións sociais de existencia das persoas condicionan o seu comportamento lingüístico, tanto no coñecemento como no uso ou nas actitudes. Se classicamente o galego se empregaba no mundo rural, é máis probable que aquelas persoas que naceron e foron socializadas nos primeiros anos de vida nese hábitat teñan unha actitude máis positiva cara a certos aspectos da lingua galega.

Porén, iso non quere dicir que dominen mellor que outros colectivos certos aspectos cultos da lingua, como pode ser a lectura ou a escrita. Consideramos que o maior dominio da lectura e da escrita está na xente nova polo feito de ter un nivel de escolarización máis elevado e de ter que cursar obrigatoriamente materias de galego.

Agora ben, se a procedencia rural e a asociación a certas profesións son a base do galego –polo menos do galego empregado para falar–, que pasará no futuro se a xente marcha do rural e certas profesións asociadas ao uso do galego son abandonadas?

Outra variable que tamén esperabamos que influíse era o sexo. O galego, ao estar asociado no aspecto simbólico co rural e, por tanto, classicamente co rústico –aínda que na actualidade tamén se asocie o rural co romántico–, as mulleres contan cunha menor probabilidade de utilizalo que os homes, pois a cultura dominante incúlcalles un comportamento que debe tender máis á «delicadeza»². Iso non quere dicir que as novas xeracións de mulleres non conten cun maior coñecemento que os homes do galego escrito, pois pode considerarse que, ao teren que loitar máis para superar a desigualdade de xénero, son máis cumpridoras que os homes no ámbito académico.

Compararemos algúns datos da actualidade cos dun estudo que se lle fixo ao alumnado no ano 1994³. Esta tendencia é moi importante para poder facer previsións de futuro do galego na nosa universidade.

Remataremos esta intervención cunha breve reflexión sobre o futuro das linguas⁴ e do galego, e comentaremos as posibles contribucións á mellora da súa situación desde a Universidade da Coruña.

COÑECEMENTO DO GALEGO

Para analizarmos o coñecemento do galego centrarémonos en catro parámetros básicos: entendela, sabelo falar, sabelo ler e sabelo escribir. De cada un deles analizamos en que

² Cf. Giddens, A., *Sociología*, Alianza, Madrid.

³ Cf. Veira, J. L., *Informe socioestadístico sobre coñecemento, actitudes y uso de la lengua gallega entre los estudiantes de la Universidad de La Coruña*, Mimeo.


⁴ Cf. Crystal, D., *La muerte de las lenguas*, Akal, Madrid, 2001; Hagège, C., *No a la muerte de las lenguas*, Paidós, Barcelona, 2001.

medida se coñece moi ben, ben, regular ou mal. Comezamos dando conta da suma das categorías ‘moi ben’ + ‘ben’ e consideramos que esas persoas teñen coñecementos do galego.

Táboa 1

Comprensión do galego dos membros da UDC			
<i>% que entende, sabe falar, sabe ler e sabe escribir en galego ('moi ben' + 'ben')</i>	<i>Colectivos</i>		
	ALUMNADO	PAS	PDI
Entende	95,97	95,38	92,43
Sabe falar	79,71	68,82	58,84
Sabe ler	92,84	92,15	85,14
Sabe escribir	82,99	70,60	47,11


Gráfica 1




No cadro e no gráfico anterior pódese apreciar a estrutura que está a tomar a lingua galega na actualidade, de tal xeito que a porcentaxe dos distintos colectivos que o saben falar é inferior xa á dos que o saben ler, no caso do alumnado –que é quen vai marcar a pauta do futuro– e no caso do PAS é mesmo inferior á das persoas que o saben escribir.

Se comparamos os datos dos membros da UDC cos de Galicia no seu conxunto segundo os do censo do ano 2001, ocorre que en Galicia aínda temos unha estrutura da lingua viva –sábese falar máis que ler e escribir–. Porén, nos distintos colectivos da UDC –alumnado, PAS (persoal de administración e servizos) e PDI (persoal de investigación)– a situación é ben distinta.


Gráfica 2




Gráfica 3



Gráfica 4



Gráfica 5



Se diferenciamos a socialización en galego como lingua materna e a socialización en galego como lingua aprendida, resulta unha gran diferenza entre o galego que se coñece en xeral en Galicia e o galego dos/as universitarios/as: o galego na poboación en xeral é froito dunha aprendizaxe como lingua materna, e o galego que se coñece na universidade consiste nunha lingua aprendida despois dun primeiro proceso de socialización. Isto reflíctese no seguinte cadro que expón a orde do coñecemento do galego en Galicia en comparación cos membros da Universidade da Coruña.

Esquema 1

ORDE QUE OCUPAN OS DISTINTOS TIPOS DE COÑECEMENTO DO GALEGO SEGUNDO O COLECTIVO UNIVERSITARIO				
	Orde			
	1º	2º	3º	4º
Galicia (datos do Censo do ano 2001)	Entende	Sabe falar	Sabe ler	Sabe escribir
Alumnado da UDC	Entende	Sabe ler	Sabe escribir	Sabe falar
PDI da UDC	Entende	Sabe ler	Sabe falar	Sabe escribir
PAS da UDC	Entende	Sabe ler	Sabe escribir	Sabe falar

A lingua que temos como inicial primeiro sábese falar, despois ler e despois escribir. Unha lingua que é aprendida con posterioridade e non de xeito vivo primeiro sábese ler, despois escribir, e falala resulta o máis difícil.

Agora ben, aínda que estamos a falar do persoal da UDC en xeral, cómpre sinalar que existe unha diferenza importante entre o alumnado, o PDI e o PAS en canto á orde de saber falar e saber escribir. O alumnado sabe escribir en maior medida que falar, o PDI sabe falar en maior medida que escribir. Isto débese a que o alumnado pertence a xeracións

que aprenderon as regras da lingua na escola, mentres que o PDI sabe o galego que aprendeu como lingua inicial e, noutros casos, posteriormente, nunha sociedade que se expresaba de xeito bilingüe e a necesidade de entenderse fixo que a aprendese «de xeito libre».

No caso do PAS, aínda que na da variable idade se asemelle máis ao persoal docente e investigador que ao do alumnado e, por tanto, inicialmente non recibise de xeito maioritario ensino en galego na escola, logo tivo que aprender a escribir por esixírselle nas oposicións unha proba de galego.

USO DO GALEGO

USO DO GALEGO PARA AS DISTINTAS FUNCIÓNS DA LINGUA

Para analizar o uso do galego na familia, cos amigos e cos veciños, e cos outros membros da comunidade universitaria, consideramos conxuntamente as categorías dos que a usan ‘sempre’ + os que a usan ‘habitualmente’.

Táboa 2

Uso do galego dos membros da UDC			
% que usa o galego ('sempre' + 'habitualmente')	Colectivos		
	ALUMNADO	PAS	PDI
Na familia	34,91	27,55	21,66
Cos/as amigos/as	22,53	16,44	15,01
Cos/as veciños/as	25,98	18,71	15,14
Co PAS	18,81	15,31	13,20
Co alumnado	16,46	12,47	9,21
Co profesorado	12,79	11,03	10,47

No uso do galego temos que diferenciar as distintas persoas coas que establecemos relación, xa que é distinta a lingua que falamos segundo as persoas con que nos comunicamos e, por tanto, resulta distinta a función da lingua.


Con quen menos fala galego o alumnado é co profesorado, mais tamén o propio profesorado co alumnado e entre si fala galego en menor medida que coas outras persoas. O PAS con quen menos fala galego tamén é co profesorado, e tamén fala galego nunha porcentaxe moi baixa co alumnado. Isto necesita unha explicación: se establecemos unha relación asimétrica de poder dentro da institución universitaria, podemos dicir que con aquel colectivo que ten o máximo poder é co que menos se fala en galego, e así claramente é o castelán a lingua empregada nas relacións de poder.

Pola contra, a familia é o contexto onde máis falan galego os distintos colectivos; así, é na estrutura onde a comunicación é máis fluída e está menos condicionada polas relacións institucionais e de poder onde máis se fala o galego.

Urxe, por tanto, tomar medidas para que no ámbito institucional se manteña polo menos a estrutura de comunicación en galego de igual xeito que se dá nos ámbitos máis familiares. Mentres non se faga iso, a lingua está desempeñando unha función de dominio *antinatura* nos termos que indicou Bourdieu, ou de diglosia en termos máis socio-lingüísticos.

No gráfico pode verse perfectamente como o emprego do galego se vai reducindo a medida que pasamos dos ambientes familiares aos do poder institucional.

Gráfica 6




Esta redución é debida a que en gran parte existe unha disposición do profesorado a contestar en castelán aínda que o alumnado pregunte en galego (25,4%), a predisposición a contestar en galego aínda que o/a estudante pregunte en castelán é moi baixa (5,1%).

Táboa 3

Comparativa da lingua en que pregunta o/a alumno/a e en que contesta o profesorado		
Lingua en que contesta o/a profesor/a	Lingua en que pregunta o/a alumno/a	
	Pregunta en castelán	Pregunta en galego
Só galego	5,1	39,6
Maioritariamente galego	1,6	9,8
Só castelán	77,1	25,4
Maioritariamente castelán	4,7	9,6
Atéñome á lingua en que me pregunta	8	11,8
NS/NC	3,4	3,8
Total	100	100

Gráfica 7



Aínda que hai profesores/as que contestan en galego se o/a alumno/a pregunta en castelán, é moito máis elevada a porcentaxe de profesorado que contesta en castelán se o estudantado pregunta en galego. No caso dos/as alumnos/as que preguntan en castelán contéstanlle na mesma lingua o 77,1%; no entanto, no caso do alumnado que pregunta en galego, só lle contesta na mesma lingua ao 39,6%, é dicir, practicamente a metade de correspondencia que se dá en castelán.


IDIOMA FALADO OU ESCRITO MAIORITARIAMENTE

Ademais de considerar o emprego do galego en ambientes específicos, é interesante ter coñecemento do uso daquelas persoas que falan ou escriben maioritariamente en galego, así como das razóns que aducen para facelo.

Táboa 4

Emprego maioritario do galego dos membros da UDC			
% membros da UDC que empregan o galego -falado ou escrito- maioritariamente	Colectivos		
	ALUMNADO	PAS	PDI
Falado	21,36	20,42	13,25
Escrito	9,60	31,22	7,17

Gráfica 8



O alumnado é o colectivo que máis **fala** o galego maioritariamente, seguido polos membros do PAS e do PDI. Porén, as persoas que máis o empregan no ámbito da **escrita** son os membros do PAS, a moita distancia do alumnado e do PDI. Isto vén motivado, sen dúbida, pola obriga que existe para este colectivo de redactar os documentos administrativos en galego. Aínda así, a porcentaxe é moi baixa e non chega a acadar, no caso do PAS, a razón de 1/3.

O *costume e a comodidade* son as **razóns** máis xeneralizadas que se indican para **falar** o galego ou o castelán. Porén, a medida que afondamos nas razóns polas que se adquire ese costume ou esa comodidade, comeza a haber grandes diferenzas entre as persoas que falan maioritariamente galego ou castelán:

- Por considerala a súa lingua propia: máis do 80% de todos os sectores da UDC que falan galego consideran que esa é a súa lingua propia. Porén, soamente considera que o castelán é a súa lingua propia un 63,58% do PDI, un 57,27 % do PAS e un 47,72% do alumnado.
- Por causa do deficiente dominio da outra lingua no tocante á fala: no caso das persoas que falan galego, só un 11,82% do alumnado aduce como razón a de que non domina ben o castelán, mais non existe practicamente no caso do PAS e do PDI. Porén, entre as persoas que falan maioritariamente en castelán unha ampla porcentaxe aduce un deficiente dominio do galego.


Táboa 5

Razóns polas que fala maioritariamente en galego			
	Alumnado	PDI	PAS
Por costume, por comodidade	90,65	83,82	81,61
Por ser a miña lingua propia	88,7	84,7	86,0
Por posuír un deficiente dominio do castelán falado	11,82	0,00	1,16


Táboa 6

Razóns polas que fala maioritariamente en castelán			
	Alumnado	PDI	PAS
Por costume, por comodidade	91,63	88,17	86,14
Por ser a miña lingua propia	47,72	63,58	57,27
Por posuír un deficiente dominio do galego falado	27,83	45,57	35,80


Gráfica 9



Gráfica 10



Gráfica 11



No que respecta ás **razóns** polas que empregan o galego ou o castelán na **escrita**, achamos que é moito máis elevada a porcentaxe das persoas que o fan en castelán por costume ou por comodidade que a porcentaxe das que o fan en galego. Agora ben, ao aducirmos as razóns máis profundas atopámonos co seguinte:

- As que o fan en galego por considerar que é a súa lingua propia ultrapasan as que o fan por costume ou por comodidade; isto quere dicir que existen persoas que, motivadas pola súa conciencia de cumpriren co deber, prefíren escribir en galego aínda que se sintan incómodas, debido a que lles proporcionaron un ensino en que non se promocionaba o galego.
- Só existe un pequeno grupo dentro do alumnado que o fai en galego porque non domina o castelán, mais apenas se dá no PAS e non existe ningúen no PDI.
- Con respecto ao castelán, é superior o número de persoas que o fan por costume ou por comodidade que por consideralo a súa lingua propia. No caso do alumnado, pasa a duplicarse a cifra e tamén é moito máis alta nos outros sectores.
- É bastante elevada a porcentaxe das persoas que empregan o castelán por posuíren un deficiente dominio do galego escrito, o cal, no caso do PDI, é máis do 50%.

As conclusións que se poden tirar son claras: existe moita xente que emprega o galego escrito, aínda que se sente incómoda, porque considera que é o seu deber. Existe outro importante grupo que non o fai, aínda que sente que é a súa lingua, porque non sabe facelo. Xa que logo, urxe tomar medidas urxentes para que adquiran o dominio do galego escrito.


Táboa 7

Razóns polas que usa maioritariamente o galego na escrita			
	Alumnado	PDI	PAS
Por costume, por comodidade	81,96	66,67	54,48
Por ser a miña lingua propia	86,84	88,89	57,89
Por posuír un deficiente dominio do castelán escrito	7,0	0,0	1,5


Táboa 8

Razóns polas que usa maioritariamente o castelán na escrita			
	Alumnado	PDI	PAS
Por costume, por comodidade	92,63	87,60	90,07
Por ser a miña lingua propia	42,43	60,88	59,07
Por posuír un deficiente dominio do galego escrito	23,13	50,60	38,79


Gráfica 12



Gráfica 13



Gráfica 14



Con respecto á relación entre fala e escrita, nos tres colectivos –alumnado, PDI e PAS– soamente unha porcentaxe inferior ao 50% das persoas que empregan o galego na fala o mantén na escrita. No caso do alumnado, do 21,3% que o emprega na fala, soamente un 8,5% o segue a manter na escrita. No caso do PDI, dun 20,5% soamente o mantén un 13,8%; o 17,9% restante, ata chegar ao 31,7%, que o emprega na escrita, procede de xente que fala en castelán pero escribe en galego. É dicir, temos unha porcentaxe superior de PAS que fala castelán e escribe en galego que de PAS que fala en galego e escribe en galego.

Táboa 9

ALUMNADO		Emprega maioritariamente na escrita			Total
		Galego	Castelán	NS/NC	
Emprega maioritariamente na fala	Galego	8,5%	12,5%	,3%	21,3%
	Castelán	1,0%	76,4%	,3%	77,7%
	NS/NC	,2%	,6%	,3%	1,0%
Total		9,6%	89,6%	,8%	100,0%

Táboa 10

PAS		Emprega maioritariamente na escrita			Total
		Galego	Castelán	NS/NC	
Emprega maioritariamente na fala	Galego	13,8%	6,4%	,2%	20,5%
	Castelán	17,9%	58,3%	1,9%	78,1%
	NS/NC	,5%	1,0%	1,4%	
Total		31,7%	65,2%	3,1%	100,0%

Táboa 11

PDI		Emprega maioritariamente na escrita			Total
		Galego	Castelán	NS/NC	
Emprega maioritariamente na fala	Galego	6,5%	6,5%	,4%	13,5%
	Castelán	,8%	84,0%	,4%	85,2%
	NS/NC	1,2%	,2%	1,3%	
Total		7,3%	91,7%	1,0%	100,0%

FALA MAIORITARIAMENTE GALEGO SEGUNDO AS CONDICIÓN S SOCIAIS DE EXISTENCIA

Fixemos unha análise de regresión loxística múltipla en que analizamos a situación preferente ante a fala e a escrita do alumnado da UDC, de que esperamos que saian as novas fornadas que dentro duns anos tomen o relevo nas institucións de Galicia (xunto coas das universidades de Santiago de Compostela e Vigo). Iso é moi importante porque estas persoas van ser as encargadas de dirixir a sociedade galega.

Con respecto ás características que ten o alumnado que fala e escribe maioritariamente en galego, despois de facer as análises de regresión loxística múltipla, resultou o seguinte:

Recodificación de variables:

- Lingua que emprega maioritariamente na fala:
 - o 0=Castelán
 - o 1=Galego
- Lingua que emprega maioritariamente na escrita:
 - o 0=Castelán
 - o 1=Galego

- Sexo:
 - o 0=Muller
 - o 1=Home
- Idade:
 - o Na fala collemos todos os anos (que van dos 17 ata os 70)
 - o Na escrita collemos dos 17 aos 26 anos
- Lugar de nacemento:
 - o 0=Cidade de Galicia, vila de Galicia, resto de España, fóra de España
 - o 1=Aldea de Galicia
- Estudos do pai:
 - o 1=Primarios incompletos
 - o 2=Graduado escolar, EXB, bacharelato elemental
 - o 3=BUP, bacharelato superior...
 - o 4=Universitarios
- Sector de actividade onde desenvolven a súa profesión os seus pais:
 - o 0=Construción, industria, servizos
 - o 1=Agricultura, gandaría e pesca
- Concepción que ten de Galicia:
 - o 1=Rexión
 - o 2=Autonomía
 - o 3=País
 - o 4=Nación
 - o 5=Estado
- Que se considera fundamentalmente?
 - o 1=Só galego/a
 - o 2=Máis galego/a que español/a
 - o 3=Igual de galego/a que de español/a
 - o 4=Máis español/a que galego/a
 - o 5=Só español/a

A táboa 12 ofrece unha proba do axuste global. O Chi-cadrado permite comprobar que, ao introducir as variables independentes, se consegue un incremento significativo do axuste global, cunha significación = 0,000.

Táboa 12. Probas ómnibus sobre os coeficientes do modelo

		Chi-cadrado	Gl.	Sig.
Paso 1	Paso	369,410	7	,000
	Bloque	369,410	7	,000
	Modelo	369,410	7	,000

A táboa 13 permite observar a significación de cada unha das variables independentes para explicar a dependente (Sig.>0,05). Segundo esta táboa, a variable idade non é significativa para explicar a porcentaxe de alumnado que fala galego. Tampouco é moi significativa a concepción que ten de Galicia. As outras variables inflúen do seguinte xeito:

- Sexo: é máis probable que falen galego os homes que as mulleres. Como o valor da comparación da razón é 1, podemos dicir que a vantaxe de falar en galego entre os homes é de 1,5 veces a das mulleres.
- Lugar de nacemento: é máis probable que o fale quen naceu nunha aldea de Galicia que as persoas que naceron noutros sitios. A vantaxe dunha persoa naci- da nunha aldea de Galicia en comparación coas que naceron noutros lugares é de máis de seis veces.
- Estudos do pai/da nai: inflúe negativamente, de tal xeito que a medida que se incrementan os estudos dos pais é menos probable que fale en galego o fillo ou a filla. Como a comparación é 1, pódese dicir que por cada grao de escolarización que aumenta se consegue unha redución proporcional da vantaxe de falar galego de $1-0,649=0,351$. Isto significa que cada grao adicional de escolarización se reduce á vantaxe da abstención nun 35,1%.
- Sector de actividade do pai/da nai: é máis probable que o falen os/as fillos/as de persoas que son agricultoras, gandeiras, mariñeiras en máis do duplo que as que se dedican aos outros sectores.
- Consideración persoal: é máis probable que o falen as persoas que se consideran galegas, e vai deixando de falarse segundo se consideran españolas nunha moi importante proporción.

Táboa 13. Variables na ecuación

	B	E.T.	Wald	gl	Sig.	Exp(B)
Paso 1(a) SEXO	,418	,139	9,079	1	,003	1,519
IDADE	-,022	,021	1,064	1	,302	,978
LUGAR NAC.	1,874	,163	131,526	1	,000	6,516
ESTUD. PAI	-,433	,077	31,302	1	,000	,649
SECT. ACTIVID.	,773	,214	13,052	1	,000	2,167
CONCEP.GALIC.	,157	,084	3,542	1	,060	1,170
CONSIDER. GAL.	-,703	,091	59,722	1	,000	,495
Constante	1,487	,644	5,330	1	,021	4,425

a Variable(s) introducida(s) no paso 1: SEXO, IDADE, LUGAR NAC., ESTUD. PAI, SECT. ACTIVID., CONCEP. GAL., CONSIDER. GAL.

ESCRIBE MAIORITARIAMENTE EN GALEGO (SEGUNDO AS CONDICIÓN S SOCIAIS DE EXISTENCIA)

A táboa 14 ofrece unha proba do axuste global. O Chi-cadrado permite comprobar que, ao introducir as variables independentes, se consegue un incremento significativo do axuste global, cunha significación = 0,000.

Táboa 14. Probas ómnibus sobre os coeficientes do modelo

		Chi-cadrado	Gl.	Sig.
Paso 1	Paso	181,559	7	,000
	Bloque	181,559	7	,000
	Modelo	181,559	7	,000

A táboa 15 permite ver a significación de cada unha das variables independentes para explicar a dependente (Sig. >0,05). Segundo esta táboa, a variable sector de actividade do pai non é significativa para explicar a porcentaxe de alumnado que escribe maioritariamente en galego. Os estudos do pai tamén están no límite, aínda que se pode considerar que seguen a ser significativos. As outras variables inflúen do seguinte xeito:

- Sexo: é máis probable que escriban en galego os homes que as mulleres, nunha razón de 1,6 a 1.
- Idade: a medida que incrementamos a idade redúcese a probabilidade de escribir en galego.
- Lugar de nacemento: as persoas que naceron en aldeas de Galicia escriben en galego en maior medida que as outras nunha razón de case 3 a 1.
- As que consideran que Galicia é un Estado ou unha nación teñen máis probabilidades de escribir en galego que as que a consideran unha rexión ou autonomía.
- As que se consideran só galegas teñen máis probabilidades de escribir en galego que as que se consideran españolas.

Táboa 15. Variables na ecuación

	B	E.T.	Wald	gl	Sig.	Exp(B)
Paso 1(a) SEXO	,439	,183	5,753	1	,016	1,551
IDADE	-,152	,037	16,760	1	,000	,859
LUGAR NAC.	1,089	,206	28,017	1	,000	2,973
ESTUD. PAI	-,200	,102	3,845	1	,050	,819
SECT. ACTIVID.	-,058	,292	,039	1	,843	,944
CONCEP. GALIC.	,330	,100	10,778	1	,001	1,391
CONSIDER. GAL.	-,865	,121	51,155	1	,000	,421
Constante	2,479	,971	6,514	1	,011	11,932

(a) Variable(s) introducida(s) no paso 1: SEXO, IDADE, LUGAR NAC., ESTUD. PAI, SECT. ACTIVID., CONCEP.GAL., CONSIDER. GAL.

Se comparamos as persoas que falan galego coas que escriben maioritariamente en galego, vemos que existen unhas variables que inflúen nos dous casos, e outras só inflúen nun deles. O sentido positivo ou negativo en que inflúen é o mesmo nas variables que coinciden, mais varía a forza. Vexamos:

Táboa 16

COMPARACIÓN DAS VARIABLES QUE INFLÚEN EN FALAR E ESCRIBIR MAIORITARIAMENTE EN GALEGO		
	Falar	Escribir
SEXO	1,519	1,551
IDADE		0,859
LUGAR NACEMENTO	6,516	2,973
ESTUDOS DO PAI	0,649	(0,819)
SECTOR ACTIVIDADE	2,167	
CONCEPCIÓN DE GALICIA		1,391
CONSIDERACIÓN DE IDENTIDADE	0,495	0,421

A variable que ten máis peso para explicar en que fala e escribe o alumnado é o lugar de nacemento, mais ten máis forza para explicar a fala. O sexo tamén está presente nos dous casos, por unha razón semellante. A consideración de identidade tamén está presente neses dous casos.

OS CONDICIONANTES DO SEXO E DA IDADE (XERACIÓN) NOS DISTINTOS ASPECTOS DO COMPORTAMENTO LINGÜÍSTICO

O SEXO

O sexo é unha variable importante para explicarmos o entendemento-aprendizaxe, o uso e as actitudes ante a lingua galega. A hipótese xeral de partida era que as mulleres se comportan de xeito significativamente diferente ao dos homes. As hipóteses específicas eran as seguintes:

- a) Debido ao proceso de socialización e á asociación simbólica da muller con certas formas de ser, era de esperar que **coñecesen** o galego en menor medida que os homes, agás no que ten relación con aquelas formas de coñecemento que implican un esforzo de aprendizaxe como é a escrita –aprendizaxe da gramática–. Debido á súa motivación por superarse nunha sociedade que as tivo de menos en relación cos homes, posúen unha maior constancia e motivación por aprender.
- b) No que respecta ás **funcións** da lingua, esta maior porcentaxe de homes que de mulleres que a empregan nas distintas funcións verase reflectida en todas elas, agás naqueles aspectos relacionados coa necesidade perentoria de redactar nun determinado momento un documento –tipo administrativo– en que as mulleres o farán en galego en maior medida que os homes, ao teren un maior dominio da lingua.

Despois de analizar os datos ao longo do estudo, estas hipóteses víronse confirmadas e podemos dicir que o sexo inflúe no entendemento-aprendizaxe, no uso e nas actitudes ante a lingua. No tocante ás hipóteses específicas tamén se confirmaron, e o resumo dos resultados é o seguinte:

* *Entendemento*

- Os alumnos *coñecen* «moi ben» o galego nun grao significativamente superior ao das alumnas.
- Os alumnos saben *falar* galego nunha porcentaxe moi superior á das alumnas. A fala tamén marca diferenzas no caso do PAS, e os homes son os que o falan «moi ben» ou «ben» en maior medida que as mulleres.
- Os alumnos *leen* «moi ben» en galego nunha porcentaxe significativamente superior á das alumnas.
- Porén, na *escrita*, que de todas é a función máis achegada á escola e que necesita un maior grao de aprendizaxe, non existen diferenzas significativas entre homes e mulleres. Pode pensarse que aínda que noutros aspectos están por debaixo, naquilo que supón un determinado grao de aplicación, as mulleres son tanto ou máis aplicadas que os homes.

* *Uso*

- No caso do PDI, vese claramente que aos homes lles aprenderon a falar en galego nunha porcentaxe significativamente superior á das mulleres.
- Os alumnos varóns *pensan* en galego nunha porcentaxe moi superior á das mulleres.
- Os alumnos empregan o galego na familia nunha porcentaxe bastante superior á das alumnas.
- No caso do PAS, os homes falan máis o galego na familia que as mulleres.
- Os alumnos falan galego cos/as amigos/as nunha porcentaxe moi superior á das alumnas. O mesmo ocorre co PDI e co PAS, os homes empregan o galego cos amigos en maior medida que as mulleres.
- Na comunicación coa veciñanza, no sector do alumnado e do PAS, os homes falan en galego nunha porcentaxe significativamente superior á das mulleres.
- Na relación co profesorado, os alumnos empregan o galego máis que as alumnas.
- No tocante aos/ás profesores/as á hora de se comunicaren con outros/as profesores/as cómpre dicir que os homes empregan o galego máis que as mulleres.
- Na relación entre alumnos/as, os homes tamén empregan máis o galego que as mulleres. O mesmo acontece co profesorado na comunicación co alumnado: os profesores empregan máis o galego que as profesoras.
- Na comunicación co PAS, tanto no sector de alumnado como no de profesorado e no das persoas que conforman o colectivo do PAS entre elas, empregan máis o galego os homes que as mulleres.
- Os alumnos, cando preguntan na clase, fano nunha maior porcentaxe en galego que as alumnas. E cando se trata de contestar a quen pregunta en galego, os profesores contestan en galego en maior medida que as profesoras.
- Porén, á hora de redactar os exames, os profesores redáctanos en galego nunha medida moi pouco superior ás profesoras, e isto débese á súa falta de dominio. Mais á hora de contestarlles, os alumnos fano máis que as alumnas. Isto débese a que, como xa os obrigaron a estudalo na escola, o dominan de xeito semellante, mais emprégano en maior medida.
- Na redacción dos documentos internos, as mulleres empregan o galego máis que os homes.
- En reunións institucionais, como por exemplo nos consellos de departamento os homes empregan o galego máis que as mulleres.
- Na produción científica, os homes publican máis en galego que as mulleres.

* *Realización de cursos*

- As mulleres son máis proclives a realizaren os cursos de formación en galego que os homes, isto nótase sobre todo no PAS.
- Ás alumnas parécelles máis importante o perfeccionamento da lingua que aos alumnos. Isto indícanos o que xa se expresou con respecto a que, no que se trata de formación que require un esforzo, as mulleres insisten máis que os homes na súa necesidade.

IDADE: CAMBIOS XERACIONAIS

Os cambios sociais que se están a producir en Galicia aféctanlle sen dúbida ás distintas xeracións, de tal xeito que as diferenzas que considerabamos que existirían entre o alumnado e os grupos do PAS e do PDI son evidentes. Aínda que a situación é crítica, achamos unha gran mellora dos grupos que se socializaron despois de existir a autonomía: o alumnado aprendeu a ler e a escribir en galego en maior medida que os colectivos do PAS e do PDI. Iso débese á introdución do galego nas escolas, que antes non existía. Ademais, as xeracións máis novas aprenden a escribir en galego cada vez con máis intensidade, iso quere dicir que o sistema de aprendizaxe da lectura e da escrita está funcionando.

Este cambio tamén se nota se temos en conta os datos comparativos do que acontece co alumnado da UDC no ano 2003 en comparación co alumnado do ano 1994: o alumnado no 2003 lía «moi ben» en galego nunha porcentaxe maior que a do alumnado do ano 1993.

Táboa 17


Le en galego	Alumnado	
	1994	2003
Moi ben	22,90%	52,71%
Ben	62,60%	40,13%
Regular	10,90%	4,87%
Mal	3,60%	2,29%

Mais se a lectura é importante, moito máis o é o feito de que este colectivo tamén saiba escribir en galego, pois dese xeito complétase outra parte do proceso necesario para podermos chegar a unha situación de normalización lingüística, en que o alumnado domine o código do castelán e o do galego, e empregue a lingua que considere necesaria, e en que o profesorado teña tamén sensibilidade pola lingua galega, pois o/a alumno/a maioritariamente –aínda que non xeralmente– interpreta que debe comportarse tal e como o fai o/a profesor/a, aínda que só sexa por unha cuestión de correspondencia e porque de xeito inconsciente poida pensar que repercute no exame.

Táboa 18

Condicións sociais de existencia Idade	Alumnado que sabe escribir en galego segundo a idade					
	Agregado		Desagregado			
	SI (Moi ben + Ben)	NON (Regular + Mal)	(Grao de significación: .05)			
			Moi ben	Ben	Regular	Mal
De 17 a 20 anos	85,98	14,02	35,26	50,72	10,22	3,80
De 21 a 23 anos	84,09	15,91	35,12	48,97	10,43	5,49
De 24 a 25 anos	79,39	20,61	30,07	49,32	13,51	7,09
De 26 a 29 anos	76,27	23,73	31,07	45,20	16,95	6,78
Maiores de 29 anos	65,22	34,78	23,91	41,30	19,57	15,22

Gráfica 15




Táboa 19

Condicións sociais de existencia Idade	PDI que sabe escribir en galego segundo a idade					
	Agregado		Desagregado			
	SI (Moi ben + Ben)	NON (Regular + Mal)	Moi ben	Ben	Regular	Mal
			(Grao de significación: .05)			
Menores de 33 anos	72,16	27,84	28,87	43,30	21,65	6,19
Entre 33 e 43 anos	39,67	60,33	13,64	26,03	38,02	22,31
Maiores de 43 anos	44,19	55,81	16,74	27,44	33,95	21,86

Táboa 20

Condicións sociais de existencia Idade	PAS que sabe escribir en galego segundo a idade					
	Agregado		Desagregado			
	SI (Moi ben + Ben)	NON (Regular + Mal)	Moi ben	Ben	Regular	Mal
			(Grao de significación: .05)			
Menores de 33 anos	76,24	23,76	27,72	48,51	21,78	1,98
De 33 a 43 anos	72,41	27,59	20,69	51,72	25,12	2,46
Maiores de 43 anos	60,75	39,25	11,21	49,53	29,91	9,35

Gráfica 16



Vemos así que se existe unha gran progresión no que respecta á aprendizaxe da lectura e da escritura en galego. Falta, porén, a motivación para o uso, tema que abordaremos ao final desta intervención.


O LUGAR DE NACEMENTO

Entre as distintas variables que constitúen o que chamamos as condicións sociais de existencia, o lugar de nacemento é unha das que máis condiciona o coñecemento do galego, non soamente nos aspectos de entendemento, fala e lectura, senón tamén no da escrita.

Táboa 21

Lugar de nacemento	Alumnado da UDC que sabe escribir en galego, segundo o lugar de nacemento					
	Agregado		Desagregado (Grao de significación: .05)			
	SI (Moi ben + Ben)	NON (Regular + Mal)	Moi ben	Ben	Regular	Mal
Cidade de Galicia	84,99	15,01	29,66	55,33	12,70	2,32
Vila de Galicia	89,74	10,26	40,81	48,93	9,07	1,19
Aldea de Galicia	93,19	6,81	49,82	43,37	5,73	1,08
Resto de España	41,50	58,50	14,97	26,53	18,37	40,14
Fóra de España	63,22	36,78	32,18	31,03	17,24	19,54


Gráfica 17



Táboa 22

PDI da UDC que sabe escribir en galego, segundo o lugar de nacemento						
Lugar de nacemento	Agregado		Desagregado (Grao de significación: .05)			
	SI (Moi ben + Ben)	NON (Regular + Mal)	Moi ben	Ben	Regular	Mal
Cidade de Galicia	52,48	47,52	19,14	33,33	37,29	10,23
Vila de Galicia	54,29	45,71	22,86	31,43	31,43	14,29
Aldea de Galicia	66,67	33,33	37,78	28,89	22,22	11,11
Resto de España	20,59	79,41	3,92	16,67	28,43	50,98
Fóra de España	38,24	61,76	5,88	32,35	35,29	26,47

Gráfica 18




Isto quere dicir que, ademais daqueles aspectos da lingua que puideron aprender mediante a comunicación diaria, tamén son as persoas que naceron no medio rural as que máis se preocuparon de aprender as regras da lingua.

Táboa 23

Alumnado da UDC: lingua en que pensa habitualmente segundo o lugar de nacemento				
	Galego	Castelán	As dúas	Outras
Lugar de nacemento				
Cidade de Galicia	8,35	89,15	0,74	1,76
Vila de Galicia	31,41	64,99	0,96	2,64
Aldea de Galicia	61,23	35,51	1,09	2,17
Resto de España	1,37	92,47	5,48	0,68
Fóra de España	13,95	68,60	17,44	


Gráfica 19



Táboa 24

PDI da UDC: lingua en que pensa habitualmente segundo o lugar de nacemento				
	Galego	Castelán	As dúas	Outras
Lugar de nacemento				
Cidade de Galicia	8,36	87,29	1,67	2,68
Vila de Galicia	23,19	69,57		7,25
Aldea de Galicia	48,84	39,53	2,33	9,30
Resto de España		94,06	3,96	1,98
Fóra de España	12,12	72,73	15,15	

Gráfica 20




Táboa 25

PAS da UDC: lingua en que pensa habitualmente segundo o lugar de nacemento

Condicións sociais de existencia	Galego	Castelán	As dúas	Outras
Lugar de nacemento				
Cidade de Galicia	8,33	88,33	0,42	2,92
Vila de Galicia	25,88	65,88	1,18	7,06
Aldea de Galicia	46,43	44,64	1,79	7,14
Resto de España	5,71	88,57	2,86	2,86
Fóra de España	12,50	56,25	12,50	18,75

Gráfica 21



Ademais do coñecemento do galego, o feito de naceren no medio rural tamén constitúe unha variable fundamental para estruturar a mente das persoas, para a función de identidade, de tal xeito que aquelas que naceron no medio rural pensan habitualmente en galego nunha porcentaxe moi elevada, que se achega ao 50% no caso do PAS e do PDI, e que pasa do 60% no caso do alumnado.

Se comparamos a porcentaxe das persoas que pensan en galego normalmente coas das que o empregan na relación cos outros membros da institución universitaria –alumnos/as con alumnos/as, co profesorado ou co PAS, os/as profesores/as entre eles/as ou co alumnado ou co PAS, ou as persoas que constitúen o PAS entre si ou cos outros colectivos–, vemos que é moi inferior o uso do galego daqueles que pensan en galego.

Entón, podemos dicir que se está a dar unha situación de contradición entre a forma de pensar e a forma de falar. É necesario intervir sobre este colectivo para que cambie a súa propia dinámica.

O PEDIMENTO DUNHA POLÍTICA LINGÜÍSTICA POR PARTE DOS MEMBROS DA UDC

A gran maioría dos membros da UDC, dos distintos colectivos (alumnado, PAS e PDI), considera que debería fomentarse máis o uso do galego nos centros, tal e como se desprende dos datos do seguinte cadro:

Táboa 26

Orde do grao de conformidade co fomento do galego na Facultade/Escola (moi de acordo; moi de acordo + máis ben de acordo) segundo o status universitario				
		Grao de conformidade		
		<i>Moi de acordo</i>		<i>Moi de acordo + máis ben de acordo</i>
Orde que ocupan os distintos status universitarios	1º	PAS	39,91%	PAS 78,65%
	2º	Alumnos	40,18%	Alumnos 76,98%
	3º	PDI	27,39%	PDI 63,06%

Máis esta opinión non se debe a que pensen que se coñecesen máis o galego se podería atopar mellor un emprego (termos utilitaristas-materialistas), senón que pensan que debería promocionarse máis por razóns de identidade, debido a que o galego é o idioma propio de Galicia.

Táboa 27

Orde do grao de conformidade con que <i>falar galego axuda a encontrar empego</i> (moi de acordo; moi de acordo + máis ben de acordo) segundo o status universitario				
		Grao de conformidade		
		<i>Moi de acordo</i>		<i>Moi de acordo + máis ben de acordo</i>
Orde que ocupan os distintos status universitarios	1º	Alumnado	4,33%	Alumnado 19,64%
	2º	PAS	2,31%	PAS 15,47%
	3º	PDI	1,45%	PDI 12,12%

Táboa 28

O galego é o idioma propio de Galicia			
	Alumnado	PDI	PAS
Moi de acordo	69,81%	57,35%	69,91%
Máis ben de acordo	20,83%	27,40%	22,22%
Máis ben en desacordo	4,68%	6,72%	2,31%
Moi en desacordo	1,94%	2,36%	1,85%
NS/NC	2,74%	6,17%	3,70%
Total	100,00%	100,00%	100,00%

Ademais, unha elevada porcentaxe de membros da UDC considera que se debe empregar en paridade co castelán, de xeito que se fale un ou outro indistintamente. Mais, naqueles que consideran que se debe empregar unha lingua específica, domina o galego sobre o castelán.

Táboa 29

Que idioma debería empregarse habitualmente en Galicia?			
	Alumnado	PDI	PAS
Só galego	8,01%	2,53%	7,87%
Só castelán	0,75%	0,36%	0,46%
Maioritariamente galego	35,42%	20,43%	31,48%
Maioritariamente castelán	2,49%	2,89%	1,16%
Galego e castelán indistintamente	52,34%	70,16%	57,64%
NS/NC	1,00%	3,62%	1,39%
Total	100,00%	100,00%	100,00%

Por tanto, debido á situación de debilidade en que se atopa o galego na universidade nestes momentos, e de termos en conta a opinión de se debería estar en paridade co castelán ou en situación de vantaxe, a opción é a de promocionalo máis. E para promocionalo están de acordo en que se deben de empregar recursos.

Táboa 30

Necesidade de que a UDC destine recursos para a normalización lingüística	Status		
	Alumnado	PDI	PAS
Si	52,27%	62,48%	73,38%
Indiferente	30,69%	17,85%	15,05%
Non	12,56%	13,11%	5,56%
NS/NC	4,48%	6,56%	6,02%
Total	100,00%	100,00%	100,00%

Entre as actividades, consideran que se deben realizar cursos para quen os necesite:

Táboa 31

Necesidade de que a UDC oferte cursos de galego		Status			Total
		Alumnado	PDI	PAS	
Si	<i>Reconto</i>	1419	403	397	2219
	% do colectivo	70,56	73,54	91,69	74,16
Indiferente	<i>Reconto</i>	412	82	21	515
	% do colectivo	20,49	14,96	4,85	17,21
Non	<i>Reconto</i>	148	36	8	192
	% do colectivo	7,36	6,57	1,85	6,42
NS/NC	<i>Reconto</i>	32	27	7	66
	% d colectivo	1,59	4,93	1,62	2,21
Total	<i>Reconto</i>	2011	548	433	2992
	% do colectivo	100,00	100,00	100,00	100,00

Unha ampla porcentaxe declara que está disposta a asistir a eles:

Táboa 32

Orde do grao de disposición a asistir ós cursos de galego (moi de acordo; moi de acordo + máis ben de acordo) segundo o status universitario					
		Grao de conformidade			
		<i>Moi de acordo</i>		<i>Moi de acordo + máis ben de acordo</i>	
Orde que ocupan os distintos status universitarios	1º	PAS	35,57%	PAS	72,52%
	2º	PDI	14,88%	PDI	42,65%
	3º	Alumnos	9,57%	Alumnos	37,97%

SOBRE A PRODUCCIÓN CIENTÍFICA EN GALEGO E AS ESTRUTURAS DE PODER

«De acordo: a cultura dominante non está marcada polo que fai a cultura dominada mentres que a cultura dos dominados está asediada, pola súa parte, ata nos momentos de tregua, polo que os dominantes fan aos dominados»⁵.

A orde dominante, onde se establecen as credenciais para que unha persoa poida situarse nun ou noutro nivel académico, non se marca desde Galicia, senón que a marcan as estruturas de poder da universidade española, onde se decide sobre a concesión de méritos –sexenios– baseadas nas editoriais en que se publican os libros e os artigos, e aducen cuestións de cientificidade con base en parámetros como comités de selección-decisión. O mesmo artigo, se se publica nunha revista galega, supón menos créditos que se se publica noutra española, e nunha española menos que se se publica nunha de EE.UU. Isto leva a un sometemento dos intelectuais ás estruturas de reprodución do poder do sistema-mundo, e a lingua galega queda relegada a un segundo plano.

Así, cando lles preguntamos aos membros galegos do PDI sobre a publicación en galego, resulta que un 29,8 % dos membros do PDI da UDC publicarían máis en galego se fosen mellor valorados os traballos realizados nesta lingua.

⁵ Grignon, C. E J.-C. Passeron, *Lo culto y lo popular*, Madrid, Ediciones de la Piqueta, 1992, páx. 72.

Táboa 33

		A non redacción en galego dos traballos científicos débese a que os puntúan pouco para os sexenios?				Total
		Si	Indiferente	Non	NS/NC	
Se valorasen máis estes traballos en galego, publicaríase máis nesta lingua?	Si	12,4%	4,4%	10,0%	3,0%	29,8%
	Indiferente	5,0%	7,0%	14,8%	3,7%	30,6%
	Non	3,3%	2,2%	19,8%	2,0%	27,4%
	NS/NC	,6%	,7%	3,0%	8,0%	12,2%
	Total	21,3%	14,4%	47,6%	16,7%	100,0%

Tamén existe unha deficiencia de materiais nos centros. Non chegan á metade do PAS as persoas que consideran que os materiais lingüísticos que teñen no seu traballo son suficientes para desenvolver o seu labor. Para un terzo son deficientes e para un 13% son nulos. Isto lévanos a pensar en que hai necesidade de proporcionar material nos centros de traballo.

Táboa 34. PAS: opinión sobre os materiais lingüísticos necesarios no seu traballo

		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Válidos	Suficientes	202	46,7%	46,8%	46,8%
	Deficientes	146	33,7%	33,8%	80,6%
	Nulos	56	12,9%	13,0%	93,5%
	NS/NC	28	6,5%	6,5%	100,0%
	Total	432	99,8%	100,0%	
Perdidos	Sistema	1	,2		
Total		433	100,0%		

BREVE REFLEXIÓN SOBRE O FUTURO DAS LINGUAS E DO GALEGO

Unha universidade debe contribuír á riqueza cultural. Crystal dinos que a circunstancia da morte das linguas constitúe unha traxedia para os fins do ser humano. Unha traxedia en canto que a extinción das linguas locais e dos sistemas culturais que se expresan a través

delas supón unha perda da diversidade da riqueza intelectual, dos produtos que son froito da «fábrica mental do ser humano»⁶.

Nun sentido parecido pode encadrarse a decisión da UNESCO sobre o Patrimonio Oral e Inmaterial da Humanidade e o seu *Atlas das linguas* publicado no ano 2002, e no que se manifesta o perigo de desaparición das linguas, que está resultando moi acelerado na actualidade e parece que seguirá ao longo deste século. Aínda que non existe unanimidade entre os estudiosos sobre cantas linguas desaparecerán cada ano, o que parece que existe é unanimidade na tendencia de que das 5 000 ou 6 000 linguas que existen nestes momentos no mundo, a metade desaparecerá nos próximos 100 anos. Isto parece que se debe ao avance do proceso de globalización: se ben algúns teóricos defenden que xunto co proceso de globalización se está a dar un proceso de localización que levaría a un renacemento das linguas e, por tanto, ao seu mantemento, o certo é que se está a certificar a súa defunción e se sabe ademais que se perde unha gran riqueza cultural.

Temos que destacar a visión de Claude Hagège⁷ sobre as causas da morte das linguas. Cualifica este autor unha lingua morta como aquela que «perdeu os seus falantes», que «perdeu, por así dicilo, o uso da palabra». Pode seguirse a estudar a súa gramática e o seu vocabulario, mais a xente deixa de empregala para comunicarse acotío. Este é o caso do que está a acontecer co galego: nunca se estudou tanto, mais nunca se falou tan pouco. Hagège explica que son tres as causas da morte das linguas: físicas, económico-sociais e políticas:

- Físicas: prodúcese cando desaparecen os grupos sociais que falaban esas linguas, ben por emigración, ben por desastres naturais etc.
- Económico-sociais: dáse cando unha economía máis poderosa que a local, onde se fala esa lingua, fai que se sobrepoña outra economía que procede dunha cultura que fala outra lingua. Ademais da presión da economía poderosa está a decadencia da vida rural, relacionada co abandono de actividades tradicionais. Isto, á súa vez, está ligado á creación dunha clase superior que fala outra lingua e, pouco a pouco, vana falando todas as outras clases que imitan a clase superior.
- Políticas: prodúcese cando un sistema político implantado nun territorio fai que unha lingua se sobrepoña ás outras e utiliza unhas políticas escolares e de socialización que consisten en impor esa lingua como lingua do «imperio».

Aínda que, desde o punto de vista analítico, Hagège indica as tres causas separadas, o certo é que poden darse as tres conxuntamente, como ocorre co galego:


⁶ Cf. Crystal, D., *La muerte de las lenguas*, Akal, Madrid, 2001

⁷ Cf. Hagège, C., *No a la muerte de las lenguas*, Paidós, Barcelona, 2001

- Unha lingua que foi imposta sobre o galego na unificación española, e reforzada no Goberno que dominou España boa parte do século XX, impón o castelán sobre todas as outras linguas, obriga a unha educación en castelán e mesmo «prohibe» utilizar outras linguas.
- A desaparición das persoas que vivían no mundo rural e conservaban a lingua galega como elemento de comunicación.
- A imposición na actualidade dunha economía globalizada que considera máis importante unha lingua que serve para a comunicación dos negocios internacionais –e, por tanto, para a formación da clase social transnacional, como é o caso da lingua inglesa– que unha lingua que serve para comunicación libre e desinteresada.

Todos estes factores fixeron que pouco a pouco o galego fose baixando en canto ao número de falantes. Se ben é certo que o galeguismo que rexurdiu na democracia tentou difundir unha política lingüística que tendía á normalización do galego, é difícil acadalo no contexto socioeconómico que nos tocou vivir. Así, a política lingüística está conseguindo que cada vez se estude máis o galego (as regras da lingua e o vocabulario) mais danse perdas constantes de persoas que falan en galego. A situación sistémica da lingua que resulta pode reducirse no seguinte esquema:


Esquema 2. Lingua e fala: cambios estruturais



Pasouse dunha lingua viva, que se sabe primeiro falar, logo ler e logo escribir, a unha lingua que adopta a estrutura dunha lingua morta: sábese ler -e incluso escribir- máis que falar⁸.

En todo caso, do ano 1994 ao 2004 e en certos ámbitos, deuse unha mellora da porcentaxe do alumnado da UDC que fala galego en certos ambientes (coa familia, co profesorado etc.) mais aínda así é moi baixo. Este alumnado non é quen de substituír a perda que se dá noutros ámbitos, mais abre unha esperanza.

Gráfica 22



A pregunta que cabe facerse é, por tanto, se seremos capaces de introducir políticas en organizacións concretas como a universidade que leven a que, as persoas que ocuparán os postos de decisión dos vindeiros anos en Galicia, adquiran os coñecementos oportunos e tomen a motivación necesaria para faceren uso do galego, e que así sexan imitados polos outros grupos sociais. Se fôsemos quen de conseguir este obxectivo, estaríamos contribuíndo, sen dúbida, a manter a riqueza cultural mundial e ao mesmo tempo a valorar a identidade local nun momento de globalización, onde ambos os procesos, se se combinan, ben non son contraditorios, senón que poden ser complementarios.

⁸ Véxase a táboa 1 desta comunicación.